

XV PRIMAVERA en DANZA

Para celebrar a décimoquinta edición de **Primavera enDanza** nada mellor que cinco espectáculos de danza contemporánea para todos os públicos. O Concello de Carballo aposta un ano máis por esta disciplina artística, que se manifesta cunha alta capacidade de creación e innovación e repercusión nas artes escénicas actuais, que conta cunha escasa presenza nos escenarios galegos, polo que é merecido outorgarlle un espazo propio e apoiar o seu desenvolvemento.

En **Primavera enDanza** presenciaremos cinco espectáculos nos que a danza dialogará co folclore e a vangarda, coa música, coas acrobacias, co mundo audiovisual, coa fusión da danza e a narrativa teatral, nos que novas linguaxes coreográficas, as emocións e o universo feminino serán os elementos principais das propostas.

Esta programación apostará, unha vez máis, por espazos para a interacción entre artistas e público, en especial os encontros ao final de cada función, presentacións das coreografías en diferentes espazos públicos, así como con obradoiros específicos de danza contemporánea para distintos espectadores.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE ACHEGAMENTO Á DANZA CONTEMPORÁNEA

... E, ADEMAIS

ANIMACIÓN Á LECTURA

DO 24 AO 29 DE ABRIL

XII SEMANA DO LIBRO E A LECTURA O MUNDO QUE QUEREMOS

Pazo da Cultura
Organiza: Concello de Carballo

FESTIVAL DE CONTIDOS DIXITAIS

DO 4 AO 6 DE MAIO

IV CARBALLO INTERPLAY

Webseries
Pazo da Cultura e Fórum
Organiza: Concello de Carballo

EXPOSICIÓNS

DO 4 AO 21 DE MAIO

PANOPTIC@S. TÉXTEIS TRADICIONAIS

Andar -1 do Pazo da Cultura
Organiza: A. C. Argazo e Panos de Aquí

OBRADOIROS DE DANZA CONTEMPORÁNEA

MARTES 18, MÉRCORES 19 E KOVES 20 DE ABRIL
CEIPS de Carballo/ En horario escolar.
Compañía Las Tricotouses.
Destinado a alumnos e alumnas entre 8 e 12 anos.

PRESENTACIÓN DE ESPECTÁCULOS

Ao longo do festival, as compañías de danza realizarán presentacións dalgúns dos espectáculos participantes en Primavera enDanza en diferentes espazos públicos de Carballo.

VENRES 21 DE ABRIL/ 13.00 H / IES ALFREDO BRAÑAS
Compañía Nuria Sotelo.

COMO SE CREA UN ESPECTÁCULO DE DANZA?

Ao remate de cada espectáculo terá lugar un encontro dos espectadores con coreógrafos e directores para falar do espectáculo que acaban de presentar e dar a coñecer o seu proceso de creación e achegar a linguaxe da danza ao público.
Lugar: Pazo da Cultura



VENRES 21 ABRIL
NURIA SOTELO
Ensaio Amor



DOMINGO 23 ABRIL
LAS TRICOTOUSES
Emoticores



VENRES 28 ABRIL
ÁNKhELA BLANCO
Ulises e a nena durmida



DOMINGO 7 MAIO
KUKAI DANTZA
Oskara

VENRES 21 ABRIL
NURIA SOTELO
Ensaio Amor

DOMINGO 23 ABRIL
LAS TRICOTOUSES
Emoticores

VENRES 28 ABRIL
ÁNKhELA BLANCO
Ulises e a nena durmida

DOMINGO 7 MAIO
KUKAI DANTZA
Oskara

CARBALLO · PAZO DA CULTURA
21+23+28 ABRIL · 7 MAIO



XV PRIMAVERA en DANZA

XV PRIMAVERA en DANZA

VENDA DE ENTRADAS

Despacho de billetes do Pazo da Cultura,
hora e media antes do inicio da actuación.

RESERVA DE ENTRADAS

A partir do 10 de abril no teléfono 981 704 300 ou na Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura). Límite: 4 entradas por persoa.

DESCONTOS

aplicaranse prezos reducidos a determinados colectivos que deberán acreditar debidamente a súa circunstancia especial: estudantes con carné de estudante, maiores de 60 anos e menores de 12 anos.

Prégase puntualidade

Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala.

INFORMACIÓN

Pazo da Cultura. Rúa do Pan s/n. 15100 Carballo.
T: 981 704 300 · cultura@carballo.gal

Organizan



Colaboran



AGADIC



VENRES · 21 DE ABRIL · 21.00H

1 hora · Entrada: 3 € / 2 € · Público: Adulto



ENSAIO AMOR
NURIA SOTELO
GALICIA

«É un acto de amor»

Catro mulleres: dúas bailarinas, unha bebé e unha violoncellista fanse preguntas sobre aquilo que fan con amor e por amor, cuestionándose o seu papel de cuidadoras, nais e amantes. *Ensaio de amor* é unha peza que, a través da música, a danza e as palabras, aborda o universo feminino das súas creadoras, e a través da plasticidade dos corpos despertará sensacións no espectador, vivindo a complicidade dunha nai e a súa filla.

Nuria Sotelo ten unha importante traxectoria profesional, iniciada no mundo da danza clásica e que continuou cara á danza contemporánea e o teatro, colaborando con creadores tan importantes como Chevi Muraday, Daniel Abreu ou Erick Jiménez, entre outros.

Esta obra é unha coprodución do Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte En Acción, Escenas do cambio de Santiago de Compostela e o Festival Alt de Vigo.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Ficha artística

Dirección, adaptación e escenografía: Nuria Sotelo / Intérpretes: Nuria Sotelo, Clara Ferrao, Macarena Montesinos e Lena Vilanova / Deseño Iluminación: Baltasar Patiño / Música: Macarena Montesinos / Coreografía: Nuria Sotelo, Clara Ferrao / Ollada externa: Idoia Zabaleta

DOMINGO · 23 DE ABRIL · 18.00H

1 hora · Entrada: 4 € / 3 € · Público: A partir de 8 anos



EMOTICORES
LAS TRICOTOUSES
GALICIA

«As cores, as formas, o movemento... son a linguaxe do inconsciente (...), onde ás veces non chega a palabra»

En *Emoticores* as emocións toman forma a través das cores e do movemento que, unido ao son e ás proxeccións audiovisuais, achegarán aos nenos e ás nenas e ao seu contorno familiar a identificar as emocións.

Cunha estética sinxela, moi visual e atractiva para os máis cativos, o espazo escénico está configurado coas cores que recoñecen as emocións que precisan ser expresadas e atendidas.

Cristina Montero e Rut Balbis son as fundadoras da compañía *Las tricotouses*, que presentan en Carballo o seu terceiro espectáculo de danza contemporánea. O sinais de identidade destas dúas creadoras son a excelente creatividade, a grande expresividade corporal e, neste espectáculo, o importante carácter pedagóxico destinado ao público máis novo.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Ficha artística

Dirección, escenografía e coreografía: Cristina Montero e Alba Cotelo / Deseño iluminación e programación audiovisual: Afonso Castro / Arranxos musicais e deseño gráfico Jas Processor / Asesoramento en psicoloxía: Paula Pintos

VENRES · 28 DE ABRIL · 21.00H

50 minutos · Entrada: 3 € / 2 € · Público: Adulto



ULISES E A NENA DURMIDA
ÁNXELA BLANCO
GALICIA

«A nena durmida volteou o mapa sorrindo»

Penélope tece e destece endurecendo a súa sensibilidade..., resistindo pendurada dos fíos do seu tear. Regresou Ulises, espertado á nena.

A creadora e bailarina Ánxela Blanco achéganos un espectáculo de danza contemporánea inspirado no poema épico *A odisea*, reinterpretando o regreso á casa de Ulises tras a guerra de Troia, a través dunha unión única de corpos, voces e imaxes moi potentes que enganchan o espectador.

Ánxela Blanco desenvolve a súa traxectoria profesional co estudo de disciplinas e artes relacionadas co corpo, como a ximnasia deportiva, o teatro físico ou as acrobacias, entre outras, para crear proxectos multidisciplinares arriscados dun gran beleza artística.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Ficha artística

Dirección, textos e espazo escénico: Ánxela Blanco / Interpretación: Ánxela Blanco e Natalia Schaevers / Asistencia de movemento: Andrea Quintana / Música orixinal: Mr. Krah (Iván Rodríguez), Macarena Montesinos, Mónica de Nut, Manuel Fonte e María Move / Iluminación e espazo escénico: Afonso Castro / Visuais: Rubén Vilanova

DOMINGO · 7 DE MAIO · 20.00H

1 hora · Entrada: 3 € / 2 € · Público: Adulto



OSKARA
KUKAI DANTZA BANAKETA
PAÍS VASCO

«Mitoak, Tradizioak, Sinboloak»

Nesta nova edición de Primavera enDanza contamos coa sorte de contar coa presenza dun espectáculo de danza contemporánea único, *Oskara*, da compañía vasca Kukai Dantza, que se une ao director Marcos Morau de La Veronal. Unión de dous universos coreográficos e dúas miradas cara á danza que se move entre a raíz máis popular e a expresión máis vangardista.

Oskara preséntase case como unha reflexión da iconografía da cultura e o folclore vasco, percorrendo algunhas pasaxes do seus mitos e símbolos, debuxando ademais un percorrido plástico e emocional entre a cultura tradicional e a vangarda.

A compañía Kukai Dantza, creada no ano 2011, desenvolve o seu traballo a partir da danza tradicional vasca, e propón encontros con outros estilos de danza e de entender a arte. Desta forma, Kukai crea espectáculos contemporáneos a partir da danza tradicional vasca e realiza creacións propias e colaboracións con prestixiosos coreógrafos e entidades.

Ficha artística

Dirección: Jon Maya Sein / Idea e dirección de escena: Marcos Morau / Interpretación: Alain Maya, Eneko Gil, Ibon Huarte, Martxel Rodríguez e Urko Mitxelena / Cantante: Errarum Martikorena Jantziendiseinua / Asistente de coreografía: Lorena Nogal e Marina Rodríguez / Dramaturxia: Pablo Gisbert / Deseño vestuario: Iraia Oiaztebal / Creación musical: Xabier Erkizia e Pablo Gisbert